

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 10-09-2020, ditou a resolución con número 2164/2020 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

CONCESIÓN PROVISIONAL DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O FINANCIAMENTO DE ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO DURANTE O ANO 2020.

Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 8 de xuño de 2020 foron aprobadas as "Bases xerais reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxectos de actividade deportiva durante o ano 2020", e as "Bases específicas para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2020"; publicadas no Bop da provincia de A Coruña nº 87, de 15 de xuño de 2020.

Posteriormente publicouse no Bop da provincia de A Coruña nº 95, de 26 de xuño de 2020, o correspondente extracto, relativo á Base Nacional de Datos de Subvencións, e o prazo de presentación de solicitudes rematou o 16 de xullo de 2020, e a totalidade das solicitudes referidas nesta resolución foron presentadas dentro do prazo establecido na convocatoria

De acordo coa base 9 das Bases reguladoras Xerais, por decreto de alcaldía 2094/2020 do 4 de setembro, designáronse os membros da Comisión Avaliadora, que celebrou a súa xuntanza o día 9 de setembro de 2020, da que se emite acta e na cal se fomulou proposta de acordo provisional.

Consta non expediente o informe do Servizo de Fomento e Programas Deportivos.

Visto o cal,

RESOLVO:

Primeiro.- Non admitir as solicitudes que figuran non Anexo 1, polos motivos que se indican.

Segundo.- Conceder provisionalmente as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2020 ás entidades que se relaciona no Anexo 2, polos importes que se indican, con cargo á aplicación 3410/48900 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do Orzamento Municipal en vigor, sendo o importe total proposto de 5.906,27 €. Tal e como establecen as bases o acordo de concesión provisional non crea dereito ningún a favor da entidade beneficiaria proposta fronte ó Concello de Carballo mentres este non lle notifique a concesión definitiva da subvención.

Terceiro.- Conceder un prazo de dez días hábiles para comunicaren, ben o desestimento da solicitude, a reformulación ou o cambio de obxecto, ben para, de o estimar oportuno, presentaren alegacións.

Cuarto.- Ordear a notificación ós interesados propostos como beneficiarios mediante anuncio público no Taboleiro de Anuncios do Concello de Carballo, sito na Casa do Concello, na Praza do Concello, s/n. e na páxina web municipal <http://carballo.org/deporte/portada.php>.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C

Praza do Concello S/N

Teléfono 981 70 41 00

www.carballo.gal

infocarballo@carballo.gal

15100 CARBALLO - A Coruña

2020/A002/000011

Exp. 2020/G003/002226

Anexo 1.- Convocatoria de Subvencións para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2020. Entidades Excluídas.

Nº	Solicitante	CIF/NIF	Proxecto a Subvencionar	Motivo
1	Club Ciclista Carballo	G15208879	Trofeo Concello Carballo 2020	Desistencia da solicitude
2	Club Ciclista Monteneme	G15861271	XVIII Marcha Costa da Morte	Desistencia da solicitude

Anexo 2.- Subvencións concedidas para para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2020. Concesión Provisional.

Puntuacións e Importes obtidos polas solicitudes de subvencións para o financiamento de proxectos de eventos deportivos durante o ano 2020							
Nº	Entidade Solicitante	CIF/NIF	Obxecto	Puntos	Importe subvención	Coef. Fin.	Orzamento Subvencionado a Xustificar
1	Agrupación Deportiva Fogar	G15160773	IV Nada e Corre Concello de Carballo	39,38	731,02 €	0,70	1.044,32 €
2	Club Baloncesto ARTAI	G70226675	V Memorial Loli Varela	47,93	1.500,00 €	0,50	3.000,00 €
3	Club de Xadrez O Toque Xiria	G70072582	IV Torneo Xadrez Clásico Concello de Carballo	42,48	1.414,72 €	0,60	2.357,86 €
4	Judo Club Bergantiños	G70457411	Campionato de Judo do Nadal 2020	37,85	1.260,53 €	0,70	1.800,76 €
5	Salvamento y Socorrismo Carballo	G15171911	Memorial Carlos Servando 2020	42,55	1.000,00 €	0,69	1.430,00 €
Total					5.906,27 €		

Puntuacións e Importes obtidos polas solicitudes de subvencións para o financiamento de proxectos de eventos deportivos durante o ano 2020							
Nº	Entidade Solicitante	CIF/NIF	Obxecto	Puntos	Importe subvención	Coef. Fin.	Orzamento Subvencionado a Xustificar
1	Agrupación Deportiva Fogar	G15160773	IV Nada e Corre Concello de Carballo	39,38	731,02 €	0,70	1.044,32 €
2	Club Baloncesto ARTAI	G70226675	V Memorial Loli Varela	47,93	1.500,00 €	0,50	3.000,00 €
3	Club de Xadrez O Toque Xiria	G70072582	IV Torneo Xadrez Clásico Concello de Carballo	42,48	1.500,00 €	0,60	2.500,00 €
4	Judo Club Bergantiños	G70457411	Campionato de Judo do Nadal 2020	37,85	1.400,00 €	0,70	2.000,00 €
5	Salvamento y Socorrismo Carballo	G15171911	Memorial Carlos Servando 2020	42,55	1.000,00 €	0,69	1.430,00 €
Total					6.131,02 €		

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Secretario

Evencio Ferrero Rodríguez

José Villán Fuertes

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

José Villán Fuertes

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 16-09-2020, ditou a resolución con número 2201/2020 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

CORRECCIÓN DE ERROS: CONCESIÓN PROVISIONAL DE SUBVENCIONES DIRIXIDAS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O FINANCIAMENTO DE ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO DURANTE O ANO 2020.

Vistos os seguintes **ANTECEDENTES DE FEITO:**

PRIMEIRO.- Visto o Decreto Nº 2164/2020 de data 10 de setembro de 2020, polo que se conceden provisionalmente as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2020, detéctase un erro na páxina 3, no anexo 2, consistente en incluír innecesariamente unha segunda táboa de puntuacións e importes obtidos nas solicitudes. Na mesma, na columna "Importe da subvención" figura o importe solicitado de subvención en lugar do concedido.

Tendo en conta os seguintes **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

PRIMEIRO.- O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, segundo o cal as Administracións Públicas poderán rectificar em calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Visto o cal, **PROPONSE:**

PRIMEIRO.- Corrixir o erro material detectado no ANEXO 2, aprobado no Decreto Nº 2164/2020 de data 10 de setembro de 2020, polo que se conceden provisionalmente as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2020, quedando redactado segundo o seguinte detalle:

Anexo 2.- Subvencións concedidas para para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2020.

Concesión Provisional.

Puntuacións e Importes obtidos polas solicitudes de subvencións para o financiamento de proxectos de eventos deportivos durante o ano 2020							
Nº	Entidade Solicitante	CIF/NIF	Obxecto	Puntos	Importe subvención	Coef. Fin.	Orzamento Subvencionado a Xustificar
1	Agrupación Deportiva Fogar	G15160773	IV Nada e Corre Concello de Carballo	39,38	731,02 €	0,70	1.044,32 €
2	Club Baloncesto ARTAI	G70226675	V Memorial Loli Varela	47,93	1.500,00 €	0,50	3.000,00 €
3	Club de Xadrez O Toque Xiria	G70072582	IV Torneo Xadrez Clásico Concello de Carballo	42,48	1.414,72 €	0,60	2.357,86 €
4	Judo Club Bergantiños	G70457411	Campionato de Judo do Nadal 2020	37,85	1.260,53 €	0,70	1.800,76 €
5	Salvamento y Socorrismo Carballo	G15171911	Memorial Carlos Servando 2020	42,55	1.000,00 €	0,69	1.430,00 €
Total					5.906,27 €		

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2020/A002/000011
Exp. 2020/G003/002266

Documento asinado dixitalmente.

Alcalde
Evencio Ferrero Rodríguez

Secretario
José Villán Fuertes

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario
José Villán Fuertes